



As persoas que tiveron a sorte de asistir a unha función de teatro para bebés adoitan amosar interese por repetir a experiencia. A emoción que destilan estas obras sobre o escenario é de alta intensidade.

As obras para espectadoras/es tan precoces reúnen algúns requisitos. Un deles é a proximidade entre a escena e o público, o que leva a que o patio de butacas se transforme nunha zona pegada ao escenario, con alfombras, coxíns, pequenos bancos..., onde nenas e nenos poden permanecer sentados con menos rigor e dun xeito máis acorde á súa anatomía, á beira dos seus país. O segundo requisito é a duración, que flutúa entre 30 e 45 minutos, que é o tempo que a atención dun bebé se pode fixar na actividade.

As propostas que presentamos este ano son moi variadas: con ou sen palabras, con obxectos, con música, con movemento, con efectos audiovisuais... Todas pretenden espertar sensibilidades e transmitir emocións achegándonos ao teatro, á danza, á música, á vida.

“Porque os nenos e as nenas merecen e necesitan que a arte forme parte das súas vidas; porque as artes escénicas contribúen á súa formación emocional, a desenvolver a empatía e a xerar sociedades máis xustas. Merecen poder emocionarse e gozar con contidos de calidade que lles falen da realidade da que eles e elas son partícipes. Merecen un mundo cheo de arte”.

(ASSITEJ España. Artes Escénicas para la Infancia y la juventud).



ACCESO

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

•Pídese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.

•Todas as persoas que accedan ao auditorio do Fórum deben facelo con entrada.

•Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida (exceptuando auga).

•Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

•**Capacidade reducida.**

ENTRADA

6,00 €

ABONO FAMILIAR (3 entradas para a mesma función): 15,00 € (só nos despachos de billetes)

MENORES DE 3 ANOS: 2,00 €

VENDA DE BILLETES

•www.ataquilla.com

•Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.

•Despacho de billetes do Ágora: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

PAGAMENTOS

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Ágora e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.



MÁIS INFORMACIÓN:
www.coruna.gal/cultura





SOTOBOSQUE

de Inspira Teatre

Domingo 29 de xaneiro de 2023 ás 11.30 e 13.00 h

Espectáculo musical e visual con movemento, sen palabras

•**Duración:** 35 min. + 10 de interacción.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 12 meses ata 4 anos.

O bosque é un lugar cheo de marabillas, onde podemos explorar, escoitar e xogar cas nosas amigas e os nosos amigos. Estes tamén poden ser plantas, árbores ou incluso animais. Todas teñen moitos agasallos para ofrecernos.

Quen sabe? Quizais aparezan seres extraordinarios!

Deseño de luces: Guillem Bonfill

Escenografía: Xavier Erra

Vestiario: Rosa Solé

Intérpretes: Laia Piró, Neus Umbert e Esther Westermayer

Idea orixinal: Esther Westermayer

Dirección escénica: Claudia Moreso

Dirección musical e composición: Viv Manning



COLIÑO

da Xanela do Maxín

Domingo 26 de febreiro de 2023 ás 11.30 e 13.00 h

Espectáculo musical e sensorial para a primeira infancia, sen palabras

•**Duración:** 40 min.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 6 meses ata 3 anos.

ESTREA

Coliño está concibido desde o apego, as emocións e o vínculo afectivo entre os bebés e a súa contorna. *Coliño* mestura todas as enerxías positivas para a mellora do bebé, da crianza e da persoa.

COLIÑO é o lugar natural a onde imos desde que nacemos e que buscamos cando necesitamos seguridade, defensa, protección, consolo, ánimo, calor e quentura.

O primeiro COLIÑO é o da nai. Un colo cheo de vida, de latexo, de quentura...cargado de seguridade e amor.

COLIÑO tamén é ese agarimo, ese niño de algodóns, ese saco de durmir, esa cova ou acochó que nos protexe...

A COLIÑO van a parar todo tipo de seres vivos, seres que precisan doutros seres para sentirse vivos e protexidos, felices e contentos.

COLIÑO somos moitas e moitos.

Intérpretes: Celta Figueiras, Topo Vidal e Lois Prado

Autoría: José Manuel Breijo "Topo Vidal"

Dirección e adaptación: Celta Figueiras e Topo Vidal

Escenografía e deseño de iluminación: Daniel Rodríguez

Deseño son: Lois Prado

Vestiario: Celta Figueiras

Música: Lois Prado



LA COCINA

de Teloncillo Teatro

Domingo 12 de marzo de 2023 ás 11.30 e 13.00 h

Teatro, poesía, música e cancións, en castelán

•**Duración:** 35 min.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 6 meses ata 4 anos.

A cociña, ese lugar onde se guisan sopas de letras, onde as especias bailan e os queixos cantan. Poesía, música e cancións son os ingredientes principais cos que imos preparar un menú exquisito. Gustades?

Convidámosvos a entrar na nosa peculiar cociña: un lugar cheo de trastes e utensilios que a todos nos soan; un lugar no que imos cociñar palabras que se comen polos ollos sen culler e garfo; un lugar onde as torradoras voan, as especias bailan, os allos saltan con pértega e no que, mmm... cheira que alimenta!

"De todos os cuartos que a miña casa ten, se pode elixir, elixo a cociña sempre". Ignacio Sanz.

Interprete e cantante: Ana Isabel Gallego

Dramaturxia e dirección: Ángel Sánchez e Ana Isabel Gallego

Música: Ángel Sánchez

Deseño do espazo escénico: Juan Carlos Pastor.

Escenografía e vestiario: Eva Brizuela e Israel Robledo

Deseño de luces: César Rodríguez

Apoio pedagóxico: Irene Gallego

Asesor de maxía: Gonzalo Granados



PLOC, PLOC,...PLIK!

de Pasadaslas4

Domingo 23 de abril de 2023 ás 11.45 e 13.00 h

Espectáculo musical para percusión en directo, sen texto

•**Duración:** 40 min.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 6 meses ata 3 anos.

Escoitaches algunha vez o son

da auga cando cae da roupa tendida?

Que ritmos esconden as pingas dun vestido de flores?

Que compás marcarán as dun mantel refinado e elegante?

Que melodías escapan dun pantalón de raías?

E se a única pinga de auga que se desprende dun babeiro se perdeuse baixo a Terra?

Se algo así chegase a suceder, habería que ir buscala ata o mesmísimo fin do mundo...

Intérpretes: Belén Otxotorena e Inma Gurrea

Percusionista: Txus Eguilaz

Idea orixinal, dramaturxia e dirección: Pasadas las 4



NIDOS

de Projecte Nius de Imaginart

Domingo 07 de maio de 2023 ás 11.30 e 13.00 h

Proposta sensorial, baseada na poesía visual e a música en directo

•**Duración:** 45 min.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 3 meses ata 2 anos.

Nidos é unha invitación para toda a familia a vivir a arte cos cinco sentidos. O espectáculo está dedicado ao momento único dos primeiros 18 meses de vida.

En *Nidos* coidamos artisticamente as necesidades auténticas dos bebés, que como espectadores exquisitos dannos a oportunidade de redescubrir o poder da calma e a esencia da beleza.

Celebramos, nun espazo tranquilo e seguro, cheo de beleza, música, cheiros, cores e texturas, a chegada da vida en forma de bandullo e latexado. Desde a tenrura e o xogo, gozamos o descubrimento do corpo, os sons e o despertar das memorias da nosa infancia. A creación contou co traballo dedicado de nais e pais que viven nos Centros Penais de Wad-Niveis e Brians 2, conducida a través da construción da escenografía e coa creación de espazos familiares creativos reforzando os vínculos cos seus fillos e fillas.

Intérpretes: Helena Cabo e Pablo Arias.

Idea e dirección: Helena Cabo.

Creación musical: Helena Cabo con instrumentación e arranxos de Pablo Arias, Guillem Aguilar e Xavier Lozano.

Movemento escénico: Helena Cabo, Pablo Arias e Anna Català.

Mentoring artístico: Dalija Acin Thelander.

Acompañamento artístico: Cristina Martí e Toni Viñals.

Escenografía e decorado: CreaMoviment, inspirada na obra de Eva Vázquez.

Adaptación e realización de escenografía: Eva Vázquez, Helena Cabo, Ángela Peinado e pais e nais que cumpren una pena privativa de liberdade nos Centros Penitenciarios de Brians 2 e de Wad Ras. Co soporte do Grupo de responsabilidade parental do Centro Penitenciario de Brians 2 e Bàrbara Viader & CEIB Integración Sensorial.

Estruturas: Josep Miquel, Guillermo Vázquez e Xavi Pérez.

Vestiario: Natalie Capell.



LA NUBE GRANDE, GRUESA Y GRIS

de Teatre al Detall

Domingo 04 de xuño de 2023 ás 11.30 e 13.00 h

Peza de teatro con monicreques e música en directo, en castelán

•**Duración:** 30 min.

•**Público:** Familiar con bebés, desde 6 meses ata 4 anos.

Ista é a historia dunha nube viaxeira, que despois de percorrer mundo e acumular auga e máis auga fíxose grande, grosa e gris. Agora necesita chover e buscará un lugar onde a súa auga sexa proveitosa e limpe rúas, regue campos e encha ríos. Pero cada vez que tenta chover alguén o para, debido a que "nunca chove a gusto de todos". Conseguirá chover e axudar alguén?

Maletas que viaxan coa nube e que abren mundos máxicos cheos de sorpresas e pequenos monicreques. Cancións e música en directo acompañan a historia desta nube grande, grosa e gris.

Intérpretes: Xavi Idàñez e Txell Botey.

Texto: Teatre al detall a partir do conto orixinal de Antoni Cuadrench.

Dirección: Joan Maria Segura Bernadas e Teatre al detall.

Música: Xavi Idàñez.

Escenografía e vestiario: Teatre al detall.

Títeres e obxectos: TxellBotey.

Iluminación: Yuri Plana.